CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 132. Xaneiro 2017. Distribución gratuíta

Grandes ofertas, sorteos e sesión vermú no Mercamelide de inverno

Un ano máis chega a cita por excelencia para os amantes das grandes rebaixas. O Mercamelide celebrarase os días 4 e 5 de febreiro con numerosas actividades paralelas que enriquecerán a xa de por si atractiva oferta dos máis de 30 comercios que participan. Unhas das protagonistas serán as tradicionais rosquillas "de sartén", que se distribuirán de xeito gratuíto. Haberá tamén sesión vermú o domingo e o sorteo de máis de 500 €. P4

Turismo Melide

EMPRESA

Cláusulas chan. Que pasos hai que dar para recuperar o diñeiro? P6

COMARCA

Santiso aproba cun incremento próximo ao 80% o orzamento para 2017 P14

CULTURA

A San Silvestre reúne máis de 3.000 kg de alimentos para Cáritas P18

ENTREVISTA

Braulio Méndez, Aluminios Melide

Unha estudante melidense na Olimpíada de Bioloxía

La Voz de Galicia

Chámase Uriela García e cursa 2º de bacharelato no instituto. Conseguiu o pase á fase nacional logo de superar aos 111 participantes da proba galega. P11

Intercambio cultural entre músicos de Italia e Melide

Un grupo de 22 estudantes dunha academia de música de Sicilia pasaron unha semana na vila ao abeiro do programa de intercambio europeo Erasmus+. P12

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

27 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Cando sucede o improbable

O improbable está sucedendo e a sociedade civil, pouco acostumada ás vitorias sobre os intocables (nin sequera as morais) celebra aos catro ventos como se fose un milagre caído do ceo o que debería ser o pan noso de cada día: que os estafadores vaian ao cárcere, que os ladróns devolvan o que roubaron e que os culpables asuman responsabilidades. Reparen ata que punto nos acostumamos a ser os monicreques desta democracia exemplar que ultimamente non deixamos de sorprendernos. Por exemplo cando:

1- Ingresan en prisión os exdirectivos de Novacaixagalicia. Dous anos por orde da Audiencia Nacional. Por asignarse unhas prexubilacións millonarias e desorbitadas antes de fuxir coma ratas do barco dunha entidade financeira que sabían que se afundía e que tivo que ser rescatada con 9.000 millóns de euros de cartos públicos. E os responsables políticos batendo palmas antes e despois da falcatruada.

2- Unha ministra pide perdón. Dolores de Cospedal, a titular de Defensa. Fíxoo en nome do Estado e dirixíndose ás familias dos 62 militares falecidos no ano 2003 no accidente do Yak-42. Daquela non estaba no cargo pero asumiu a responsabilidade de quen non o fixo no seu momento, de quen botou balóns fóra, asinou unha repatriación chapuceira e pasou a mellor vida nunha embaixada na que o colocaron os seus amigos, sempre sobreprotectores. Catorce anos de soberbia, de impotencia e de silencio que tiveron que aguantar as familias á espera dunha simple palabra: perdón.

3- Os bancos devolven o que cobraron de máis. Polas cláusulas chan das hipotecas. Tivo que obrigalos o Tribunal de Xustiza da UE a devolver o que non era seu porque o Supremo español fixo algo a vista gorda. Eles dicían: "se sobe o Euríbor cobrámosche máis. Se baixa cobrámosche igual". E nós tragabamos. Como puido ser? O caso é que foi.

Canta impunidade! Menos mal que o improbable está sucedendo. Hai esperanza.

Tribuna de opinión

Dereito á desconexión

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Cada vez escoitamos menos iso de "necesito descansar" e escoitamos máis aquilo de "necesito desconectar". A fronteira que delimita onde acaba a nosa xornada laboral e onde empeza a nosa vida persoal e cada vez máis difusa e as novas tecnoloxías, que tanto nos facilitan a vida, teñen parte da responsabilidade. Chegamos á casa pero o noso teléfono segue soando, as notificacións de correos electrónicos seguen entrando e os Whatsapp da nosa xefa ou dos nosos clientes seguen chegando. É dicir, abandonamos o traballo pero non nos despegamos del.

Aínda que a normativa laboral establece que non é obrigatorio responder, resulta innegable que nos sentimos presionados a facelo. De feito, en España máis dun terzo dos traballadores usan algunha ferramenta de traballo fóra do seu horario e o 12% sofre agotamento laboral, coñecido como "síndrome do traballador queimado".

Para evitar isto e reducir a sobrecarga mental dos traballadores, Francia acaba de regular por lei o dereito á desconexión. A medida afecta ás empresas de máis de 50 empregados e pretende impedir que reciban correos electrónicos fóra da oficina. Pode parecer un tema menor, pero xa forma parte dos retos que temos diante. Traballamos nun entorno dixital que precisa definir uns límites.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Rafael R. Gaioso, Xavier Pazo, Xosé Núñez
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Laura Díaz
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....11
-COMARCA.....13
-CULTURA E LECER.....18
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

Dous premios de Nadal por valor de 1250 euros buscan propietarios

Víctor Grande, presentador, cos cativos que axudaron na extracciónes dos números premiados

Non está todo perdido. Se saíron do Nadal coas mans baleiras e non tiveron sorte o 22 de decembro nin tampouco o día de Reis, a particular lotería de Asetem, que premia aos clientes que mercan en Melide, aínda lle pode dar unha alegría.

Realizado o sorteo da campaña de Nadal e chegados ao ecuador do prazo para presentar os boletos premiados, aínda quedan 1.250 euros en busca de propietario. Así que, se realizaron algunha compra en Librería Cousas, Sport Moda, Santín & Amo Perruqueiros ou repostaron na Gasolineira Bocelo, ben cumpriría que revisen as súas rifas, pois estes son os negocios que repartiron os números titulares e reserva dos dous premios que aínda faltan por aparecer: un de 1.000 euros e outro de 250. Se pasou por Desguaces Lual e posúe o número 4.031 aínda está a tempo de facerse co premio de 500 euros que neste momento atesoura o posuidor do boleto reserva.

2.000 euros para Sobrado

Tardou en aparecer, dez días exactamente, pero os 2.000 euros do primeiro premio, repartido por Romero Zapaterías, xa teñen dono: trátase dunha veciña da parroquia de Folgoso, en Sobrado do Monxes, clienta habitual do comercio de Melide.

Unha vez que remate o prazo para presentar os boletos premiados nas oficinas de Asetem (o 30 de xaneiro ás 13:00 horas), tanto ela como o resto de agraciados serán convocados a un acto no que recibirán o galardón de mans dos titulares dos establecementos que lles deron as rifas. Recibirán vales de 5 euros ata completar o valor do premio acadado, que poderán consumir en calquera dos 87 negocios que participaron na campaña de Nadal.

A Bruixa d´Or de Melide

Entre eses negocios está Librería Cousas, que un ano máis e para admiración de todos, volveu repartir premios. A falta de un, dous. O establecemento é xa un asiduo das quinielas ganadoras e tanta sorte repartida está a piques de convertelo na Bruixa d´Or do comercio melidense. A hemeroteca fala por si soa: no sorteo do ano 2015 repartiu 6 dos 22 premios en xogo naquel entón. No do ano 2013 entregou o primeiro premio e no ano 2012 o primeiro e o segundo.

ESTE Nadal TOCA en Melide

NÚMEROS PREMIADOS

PREMIO	Nº TITULAR	Nº RESERVA
2.000 €	34.587 (Romero Zapaterías)	48.883 (Librería Cousas)
1.000 €	62.217 (Librería Cousas)	38.066 (Xoiería Oro Ley)
1.000 €	48.717 (Librería Cousas)	62.894 (Sport Moda)
500 €	49.258 (Ribeirao)	60.260 (Eurocadena)
500 €	04.031 (Desguaces Lual)	33.972 (C. Comercial Ares)
500 €	23.822 (Meligraf)	26.867 (Casa Santos)
250 €	61.091 (Santín Amo Perruq.)	46.512 (Gasolineira Bocelo)

65.000 rifas e récord de participación

Os grandes números marcaron a decimosétima edición da campaña *Este Nadal Toca en Melide*. En total, durante os 38 días que durou, repartíronse 65.000 rifas entre os clientes, 6.000 máis ca na edición anterior. Por outra banda este ano bateuse récord de participación, con 87 negocios. Nunca antes, dende que se puxo en marcha a campaña en 1.999, se acadara un número tan elevado.

Lonxe de esgotarse, despois de 17 anos en marcha, a campaña de Nadal de Asetem vai medrando edición tras edición. As cifras así o reflicten: hai tan só dous anos, na 15ª edición, repartíronse 47.000 rifas (18.000 menos ca este ano) e participaron 55 negocios (32 menos ca en 2016).

A directiva de Asetem manifesta o seu compromiso de seguir traballando para que a tendencia positiva se manteña pois, asegura, "consolidar campañas comerciais coma esta é moi difícil pero unha vez que funcionan son unha das ferramentas máis idóneas para promocionar o comercio da nosa vila".

No éxito de *Este Nadal toca en Melide* ten moito que ver a gala coa que, dende hai tres anos e grazas á colaboración do Concello, se lle pon punto e final á campaña: un espectáculo con sorteo en directo de premios e música que atrae a numeroso público.

Este ano foron nada menos ca 220 as persoas que se achegaron á gala celebrada o 9 de xaneiro na Casa da Cultura, que tivo como mestre de cerimonias ao humorista Víctor Grande. Da parte musical encargouse Dani Royo & Versións Band, que interpretaron clásicos do pop español xunto con temas do seu último disco. E como de repartir cartos se trataba o asunto, tamén houbo tempo para sortear 250 euros entre o público asistente ao acto.

Entrega do premio de 250 euros sorteado entre o público

Chega o Mercamelide de inverno con sesión vermú, ofertas e rosquillas gratis

4 e 5 de febreiro no Pazo de Congresos

Quen dixo que o Mercamelide, ademais dunha feira de saldos, non podía ser unha festa? Opcións ten moitas, mire por onde se mire: festa dos consumidores, para quen facer unhas compras redondas só depende do seu criterio e da súa astucia, pois dificilmente atoparán outro lugar con tanta variedade e calidade de produto a tan baixo prezo. Festa para os comerciantes se son quen de liquidar todo o stock e despedir as rebaixas cos petos cheos e os estantes baleiros á espera de nova mercancía. E festa tamén no sentido máis tradicional da palabra, con música en directo para animar o ambiente e que o ambiente anime a bailar.

Sesión vermú

Precisamente o compoñente festeiro é unha das novidades que trae esta edición de inverno do Mercamelide, que se celebrará os días 4 e 5 de febreiro no Pazo de Congresos. Será o domingo á volta do mediodía cando a feira acolla unha sesión vermú en toda regra con música en directo dun grupo aínda por confirmar.

Tamén haberá actividade o sábado pola tarde, mais dunha natureza diferente. Neste caso estarán dirixidas ao ocio dos máis pequenos e irán encamiñadas a facer da feira un espazo para toda a familia.

Rosquillas de sartén

Foron todo un éxito o ano pasado e por iso as rosquillas "de sartén" conseguiron facerse un oco no Mercamelide e estarán presentes tamén nesta edición. Grazas á colaboración da Asociación de Repostería Tradicional "Melide Terra Doce", os asistentes poderán degustar de xeito gratuíto este doce típico de Melide (especialmente da época de Entroido que se está achegando), que para a ocasión será elaborado nos obradoiros de Trisquel e a Tahona. Irán acompañadas dun vaso de chocolate, todo o cal se poderá obter cun ticket que os consumidores recibirán por cada compra que realicen.

Sorteo de máis de 500 €

E non só rosquillas e chocolate; mercar no Mercamelide tamén dará dereito a participar nos sorteos de máis de 500 euros en vales para consumir en calquera dos máis de 30 establecementos que se darán cita no Pazo de Congresos. Por cada compra, un lote de rifas. O primeiro sorteo farase o sábado ás 19:00 horas. Os outros dous serán o domingo, un ás 14:00 e outro ás 19:00.

Música, rosquillas, sorteos e, por enriba de todo, produtos cun desconto de escándalo.

POR SER DE XUSTIZA

As garantías do comprador dun vehículo usado

Eva Novás
Avogada

En ocasións, despois de mercar un vehículo de segunda man poden aparecer avarías ou defectos que nun principio estaban ocultos e que talvez non foron mencionados polo vendedor. Para saber o que se pode esixir nestes casos (por exemplo, a reparación da avaría ou que nos recollan o vehículo e nos devolvan os cartos pagados), temos que diferenciar se o vendedor é un particular ou é un profesional ou empresa dedicada á compravenda de vehículos.

Se o vendedor é un particular, temos dereito a esixirlle responsabilidade polos vicios ocultos do vehículo. O que significa que o particular que o vende debe responder por aqueles vicios ou defectos ocultos do vehículo que, de coñecelos previamente, farían que non o mercásemos ou ben que pagásemos menos por el, porque son defectos que diminúen o uso ou que o fan imposible. Hai unha excepción: se o comprador é un perito ou alguén que pola súa profesión ten coñecementos suficientes e experiencia e pode (ou debería) recoñecer estes vicios, non pode esixir o saneamento ao vendedor. Falamos de vicios ou desperfectos que, xa sexan ou non coñecidos polo vendedor, non son intencionais ou non implican unha manipulación ou un engano. Pois de ser así, como o sería unha manipulación da quilometraxe, poderíamos estar ante un delito de estafa.

En todo caso, debe tratarse de defectos ocultos, que non se aprecien a simple vista, que teñan relevancia para o bo funcionamento do vehículo e que existisen con anterioridade á compra do mesmo, aínda que o vendedor non os coñecese. Tratándose dun vendedor particular, teremos un prazo de seis meses desde que nos foi entregado o vehículo para poder reclamar .

Esta situación cambia se quen o vende é un profesional ou unha empresa dedicada á compravenda. Neste caso, é importante saber que o vendedor ten a obriga de ofrecer unha garantía mínima de un ano. E sendo o vendedor unha empresa, esta garantía é irrenunciable. Non a perderemos aínda que firmásemos a renuncia expresa a esta garantía ou aínda que no contrato o vendedor poña unha garantía máis curta; poderíamos reclamar igualmente. Ademais, se a avaría aparece nos primeiros seis meses, enténdese que o defecto xa existía cando nos entregaron o vehículo. Se aparecese despois, teríamos que demostrar que existía no momento da entrega.

Como a un profesional ou establecemento que se dedica á compravenda se lle debe esixir máis dilixencia, transparencia e responsabilidade cos consumidores, o prazo para reclamar polos vicios e defectos do vehículo é moi superior: teremos tres anos para reclamar. E dependendo do importe do reclamado poderemos esixir a reparación, deixar sen efecto o contrato (o vendedor deberá recoller o vehículo e devolver o prezo e os gastos causados) ou incluso unha rebaixa no prezo.

E para garantir que a nosa reclamación prospere, con independencia da vía escollida (extraxudicial ou amistosa, arbitraxe de consumo ou a vía xudicial) é moi importante que desde o principio, ademais de conservar toda a documentación e facturas, quede tamén constancia de que poñemos en coñecemento do vendedor a nosa reclamación polos defectos do vehículo. Tratándose dun particular, é conveniente deixar constancia escrita, preferiblemente a través dun burofax. E se fose un profesional ou unha empresa, o máis seguro é esixirlle que nos entregue unha folla de reclamacións, que deberemos presentar describindo de forma clara todos os nosos motivos.

Eva Novás Mato
Avogada
Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 18 / 662 30 26 18

Novas cooperativas manifestan interese por integrarse en CLUN

A conselleira do Rural nas instalacións de CLUN en Ribadeo

O presidente de CLUN, a cooperativa de segundo grao xurdida da unión de Feiraco, Os Irmandiños e Melisanto que botou a andar con entidade de seu o pasado 1 de xaneiro, confirmou que outras dúas cooperativas con sede na provincia da Coruña están interesadas en sumarse a este novo proxecto lácteo galego. Segundo expresou José Ángel Blanco, representantes desas dúas sociedades xa solicitaron reunirse coa dirección da nova cooperativa para obter información detallada sobre o proceso de integración. Non obstante, asegurou que, de producírense estas novas incorporacións, sería logo dun proceso lento e non "da noite para a mañá".

Blanco realizou estas declaracións no marco dunha visita institucional que a conselleira do Rural realizou ás instalación de CLUN en Ribadeo. Ánxeles Vázquez referiuse á cooperativa como "un exemplo de futuro" e destacou que o 24% dos gandeiros galegos xa están unidos a través de distintas fórmulas e reúnen o 55% da produción.

Axudas para mercar maquinaria agrícola en réxime asociativo

A Consellería do Medio Rural vén de sacar unha liña de subvencións para a compra de maquinaria agrícola en réxime asociativo. Ditas subvencións, que contan cun orzamento de 3 millóns de euros, teñen por obxectivo promover a utilización de maquinaria e de equipamentos agrícolas de xeito conxunto co fin de minimizar os custes de mecanización, reducir as emisións contaminantes e fomentar o aforro enerxético.

Poderán solicitar estas axudas as cooperativas agrarias, cooperativas de utilización de maquinaria agrícola (CUMA) e as sociedades agrarias de transformación (SAT), así como entidades procedentes da fusión de explotacións con menos de dez anos de antigüidade. As solicitudes deberán presentarse antes do 3 de febreiro por vía telemática a través dun formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta. No tocante aos criterios de valoración, priorizaranse as entidades solicitantes con investimentos en proxectos innovadores, seguidos polos investimentos en proxectos de cooperación. Ademais, obteranse puntos por cuestións como a porcentaxe de mulleres integradas no consello reitor ou o valor contable do parque de maquinaria no intre de solicitar a axuda.

As achegas, incluídas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, poderán cubrir ata o 40% do custo da maquinaria. Se a entidade está nunha zona con limitacións naturais poderán acadar ata o 50%.

Cláusulas chan. Como podo reclamar os meus cartos?

O pasado 21 de decembro o Tribunal de Xustiza da Unión Europea pronunciouse sobre as coñecidas como "cláusulas chan" das hipotecas e ditaminou que os bancos están obrigados non só a anulalas por ilegais, como estableceu no seu día o Tribunal Supremo español, senón tamén a devolver todos os cartos cobrados de máis aos clientes dende o momento en que subscribiron préstamos para a compra de vivendas. Dita sentenza abriulle as portas a miles de usuarios para reclamaren o que lles foi indebidamente cobrado. Aquí achegamos algunhas das claves para poder facelo.

Que son as cláusulas chan?

Trátase dun tipo de cláusulas establecidas nos contratos de préstamo hipotecario a interese variable (fundamentalmente Euribor) que prevén que, aínda que o tipo de interese se sitúe por debaixo dun determinado limiar ("chan") o consumidor seguirá aboando o correspondente a ese limiar e non á baixada do interese variable.

Como teño que facer para reclamar?

1- Presentar un escrito de reclamación ante o Servizo de Atención ao Cliente da entidade bancaria. A entidade dispón dun prazo de dous meses para contestar.

2- Se transcorrido devandito prazo a entidade non contesta ou a contestación non é satisfactoria, débese presentar unha reclamación ao Banco de España, ben por vía telemática ou por escrito en modelo oficial, no Rexistro Xeral do Banco de España, en calquera das súas sucursais. O Banco de España dispón dun prazo de 4 meses para ditar resolución.

3- Unha vez que o Banco de España se pronuncie de forma favorable ao consumidor, este poderá requirir a entidade seu cumprimento, para o que dispón dun mes de prazo. En caso contrario poderase reclamar o seu cumprimento no Instituto Galego de Consumo.

Que ocorre se.....?

δ **Asinei un acordo no que renunciei a reclamar.** Se é persoa consumidora afectada por cláusula chan e, con anterioridade, asinou algún tipo de acordo ou negociación coa entidade fiancieira renunciando, por exemplo, a posteriores reclamacións, debe saber que co novo pronunciamento do Tribunal de Xustiza Europeo non existe impedimento para reclamar os importes indebidamente cobrados.

δ **Xa reclamei xudicialmente.** Se xa estivese inmerso nun procedemento xudicial debido ás cláusulas chan pode seguir adiante coa súa demanda de acordo cos novos criterios de retroactividade recollidos na sentenza do Tribunal de Xustiza Europeo, sempre con asesoramento da persoa ou entidade que o asista.

δ **Xa rematei de pagar a miña hipoteca.** O vencemento ou a cancelación dos contratos de préstamo hipotecarios non impiden a aplicación do criterio da sentenza do Tribunal de Xustiza Europea para a reclamación dos importes que foron indebidamente cobrados pola entidade financeira en concepto destas cláusulas chan.

Onde podo informarme?

En calquera das oficinas do Instituto Galego de Consumo, a través do teléfono gratuíto 900 23 11 23, na Oficinas Municipais de Información ao Consumidor e nas Asociacións de Consumidores e Usuarios de Galicia.

Información falicilitada polo Instituto Galego de Consumo

O concurso de escaparates achega o comercio local a máis de 40.000 persoas

A golpe de click é como se fan a día de hoxe as mellores campañas de publicidade e promoción. E así, a golpe de click, foi como 40.500 persoas entraron en contacto co comercio de Melide grazas ao Concurso de Escaparates para Nadal que convocou o Concello co obxectivo principal de implicar aos establecementos para "embelecer o seu produto e así mesmo a propia vila con ideas innovadoras".

O resto púxoo a plataforma empregada para darlle visibilidade a dito concurso, que non foi outra que a páxina de Facebook de Turismo Melide, onde se creou un álbum con fotografías de todos os escaparates participantes: 75. As instantáneas reuniron no seu conxunto 8.890 "Gústame", foron compartidas 250 veces e acadaron a 40.500 persoas, segundo se fixo público dende a propia páxina, onde se cualificou a resposta da xente de "espectacular" e de mostra "da vitalidade do noso comercio".

Premios para os mellores

Sobre o terreo, un xurado integrado pola concelleira de Benestar, unha técnica de Turismo do Concello, unha locutora de Radio Melide, unha especialista en escaparatismo e a presidenta de Cáritas Parroquial encargouse de visitar un por un todos os escaparates para escoller os tres mellores. Finalmente o primeiro premio, dotado con 400 euros, foi para a Autoescuela Marte "pola súa orixinalidade e composición". O segundo premio (200 euros) recaeu en Peluquería Gómez Andón "pola súa innovación" e o terceiro (100 euros) foi para Romero Zapaterías "polo seu deseño".

Rocío Mejuto, "Pequeniños". Premio do público

Á marxe dos galardóns entregados polo xurado, clientes e visitantes tamén puideron escoller o seu escaparate favorito votando a través do perfil de Facebook de Turismo Melide. Nesta categoría o establecemento gañador foi Pequeniños, cuxa fotografía obtivo exactamente 724 "Gústame".

Para a propietaria desta zapatería infantil asociada a Asetem, Rocío Mejuto, o galardón foi "toda unha sorpresa" pois "non contaba con que a resposta da xente fose tan boa". Era ademais a primeira vez que deseñaba un escaparate de Nadal, xa que a tenda abriu as súas portas en marzo de 2016. Para a súa confección Rocío contou coa axuda dun profesional na materia que conseguiu materializar a idea que ela tiña en mente. O conxunto recrea o exterior dunha vivenda en tempo de Nadal, poñendo o foco nas fiestras, envoltas en folerpas de neve e nas que se apoian tenros bonecos.

DIRECTORIO - SOCIOS/AS DE ASETEM

ASESORÍA

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881 97 33 07
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

CANTEIRAS

Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981 50 55 76
Canteras Richinol
Arenal, 64, Lalín
981 50 55 04

CARPINTERÍA

Aluminios Melide
Pol. Madanela, 86
981 50 73 12
Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981 50 54 18
Maderas Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 77 62
California 66
Rosaleda, 5
687 77 64 36
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60
Cárnicas García
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
609 93 91 98
Carnicería Río
Rda. de Pontevedra, 17
610 77 83 19
Carola Moda 2000
Alexandre Bóveda, 16
981 50 51 49
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96
Centro Comercial Ares
Rda. da Coruña, 27
981 50 50 53
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21
Colorín Colorado
Rda. da Coruña, 10
881 97 85 60
Cooperativa Melisanto
Agüeros, s/n, Melide
981 50 60 26
Deportes López
Avda da Habana, 5
981 50 54 25
Disfruta
Rda. da Coruña, 18
606 97 04 98
Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981 50 60 68
DivaPro Hair&Beauty
Rda. da Coruña, 58
607 26 77 82
Ekaté
Cantón de San Roque,11
881 97 74 17
Electrosan
Martagona, 13
981 50 79 64
Estanco Angarela
Progreso, 9
981 50 60 96
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981 50 59 00
El mundo del pintor
Avda. Lugo, 43
981 50 90 77
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981 50 59 71
Establecimientos El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89
Estación de Servicio Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981 51 60 04
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17
Ferretería Noguerol
Convento, 28
981 50 50 29
Floristería Maru
Convento, 9
981 50 75 80
Floristería Strelitzia
Cantón S. Roque, 46
881 81 91 01
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981 50 61 64
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981 50 50 47
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881 95 70 87
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56
Intres Fotografía
Avda. de Toques, 2
881 97 42 24
Jim Sports Technology
Madanela S/N
981 50 64 34
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981 50 53 35
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68
Joyería Silvela
Rda. da Coruña, 40
981 50 59 97
La Cortina
Avda. Lugo, 43
981 50 63 58
Laia Zapateiros
Praza Convento, 4
626 25 20 54
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981 50 50 55
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981 94 24 15
Magnín
Rda. da Coruña, 32
881 99 84 49
Marvi
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94
Medusa Moda
Rda. da Coruña, 26
881 97 82 79
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81
Mis mejores labores
Avda. América, 3
657 43 56 99
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981 50 55 64
Modas El Dándolo
Convento, 15
981 50 63 70
Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
981 50 57 34
Muxica Tenda Xoven
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 16
981 50 60 97
Óptica Melide
Rúa do Convento, 17
981 50 54 67
Óptica Novalux
Rda. da Coruña, 20
981 50 51 99
Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74
Panadería e Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81
Pastelería Estilo
Rúa do Progreso, 6
981 50 51 53
Pastelería Triskel
Novoa Santos, 32
981 50 50 98
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84
Pescados e Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629 81 20 29
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981 50 51 37
Ramón Pampín Bango
Rda. de Pontevedra,105
981 50 75 26
Recambios Sando
Avda. de Lugo, 10
981 50 54 19
Recambios Vulcano
Avda. de Lugo, 99
981 50 62 18
Ribeirao
Convento, 12
981 50 50 18
Romero Zapaterías
Rda. da Coruña, 29
981 50 53 56
Rubén Pacior S.L.
Pol. Madanela, 100-102
981 50 70 11
Sanoguera Fotografía
A Casilla, 1 - Moldes
622 22 28 10
Sisuka
San Pedro, 5
881 97 58 62
Sport Moda
Cantón de S. Roque, 38
981 50 76 17
Stardemoda
San Pedro, 10
626 56 49 02
Sueños
Alexandre Bóveda, 2
981 50 71 87
Suministros Industriales Cire
Pol. Madanela, 22
981 50 79 54
Supermercados Gómez
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27
Tu Boutik
Rda. Pontevedra, 61
881 05 63 94
Zapatería Pequeniños
San Pedro, 4
981 50 79 66
Xebre
Mateo Segade, 1
981 50 57 23
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981 50 54 31

CONSTRUCIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981 51 53 86
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29
Const. Leonardo Miguélez
Santa María, Melide
981 50 52 73
Const. Pichel Hnos.
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981 50 70 89
Cubiertas Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco de Valdeorras
988 33 52 94
Excavaciones Paradela
Ribeiro,s/n
981 50 55 92
Hijos de Casal Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981 50 50 25
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981 17 36 16
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981 50 55 18
Química Industrial Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981 50 53 00
Revestimientos Rifer
Avda. de Lalín, 26
981 50 71 16

HOSTALERÍA

Bodega Curros
Rda. de Pontevedra,18
981 50 59 68
Casa Alongos
Camiño Vello Stgo. s/n
619 22 93 34
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981 50 53 55
Cafetería M40
Cantón de S. Roque, 40
981 50 73 44
Cafetería Stop
Rúa da Cátedra, 1
Esquina San Antonio
Dúas Rúas
Rúa Principal, 5
600 69 99 44
Espectáculos Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981 50 53 28
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33
Parillada O Carburo
Villamor, Toques
981 50 49 07
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986 68 25 45
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981 50 52 91
Pulpería Taboada
Avda. Lugo, 22
981 50 74 26
Recuncho Convento
Rúa do Convento, 7
981 94 06 36
Xamonería Garceiras
Gaiteiros Garceiras, 1
608 975 776

SERVIZOS

Academia Besbello
Rúa San Antón, 5
981 50 52 52
Albergue Vilela
Rúa San Antón, 2
616 01 13 75
Annic Difusión
Rda. Pontevedra, 63
981 94 38 94
Avogados Ana Pernas & Miguel Fernández
Luis Seoane, 2
981 506 455
Clínica Dental Ana Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05
Clínica Dental Karim
Rda. Pontevedra, 32
981 50 62 44
Eva Novás abogada
Rúa San Antón, 5
981 50 72 17
Extractores Villamor
Cantón de S. Roque, 8
648 25 31 33
Fisio-Vida
Florentino Cuevillas,16
981 50 70 47
Gasolineira Bocelo
Avda. de Lugo
981 50 62 50
Hardgalicia - "R"
Rúa do Convento, 4
693 77 88 66
Intermax Technology
Rúa Folicheiro, 20
902 908 737
Mofitel Comunicac.
Santiago de Compostela
693 62 21 85
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981 50 59 03
Parafarmacia Cantón
Cantón de S. Roque, 28
981 93 73 50
Perruquería Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 38
Entrechán
650 43 63 75
Perseidas Editor
Luis Seoane, 2
981 50 64 55
Servinet
Vitiriz, s/n
697 89 24 66
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981 50 63 88
Xanela Ocio
Rosalía de Castro, 12
634 24 34 69

TALLERES

Autos Mar
Pol. Madanela, 8-9
981 81 53 36
Desguaces Lual
O Coto (Melide)
981 50 73 52
Melicar
Avda. de Lugo, 95
981 50 76 25
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31
Neumáticos Melide
Avda. Lugo, 129
981 06 57 00
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981 50 52 11
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981 50 59 99

SOCIO COLABORADOR

Mª Carmen Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 - 1º
981 50 52 80
La Caixa
Alexandre Bóveda, 1
881 03 08 20
Banco Sabadell
Rúa do Convento, 13
981 50 52 50

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89
Nutripor S.A.
Pol. Madanela, 18-19
981 50 64 70
Rey Sánchez S.L.
Emilio Campoamor, 2
981 50 60 29
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981 51 58 18
Transportes Zas
Palas de Rei
982 18 34 04

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA

Javier López López
Xosé R. Fdez. Castro, 6
981 50 54 82

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

LILIANA MÉNDEZ MOREIRA, "FISIOTERAPIA LILI" *(Rúa San Pedro, nº 16)*

"Ver saír a un paciente da clínica cun sorriso é algo que non ten prezo"

-Despois de 30 anos traballando como fisioterapeuta acaba de abrir a súa propia clínica en Melide. Que tratamentos realiza?

-Liliana Méndez (L.M): Principalmente está enfocada aos tratamentos de rehabilitación e ás terapias respiratorias. Pódese dicir que esas son as nosas especialidades, aínda que chegamos a todas as ramas da fisioterapia, dende as complicacións derivadas de traumatismos e accidentes de tráfico ata as secuelas que deixan problemas neurolóxicos e parálises cerebrais, pasando polas masaxes.

-Cal é a parte máis complexa no trato diario cos pacientes?

-L.M.: Conseguir que sexan constantes. Os pacientes son pacientes, xa o di a palabra, pero teñen moi pouca constancia. Unha vez que desaparece a dor abandonan o tratamento e iso non é o máis correcto que poden facer, porque despois veñen as recaídas. É moi importante seguir unhas pautas para manter o benestar físico.

-Cales son as recomendacións básicas para manter ese benestar?

-L.M.: O máis importante é facer exercicio: correr, nadar, montar en bicicleta... o ser humano por natureza é moi cómodo. As xeración novas comprométense máis consigo mesmas e están implicadas no coidado do seu benestar, pero aos maiores cústalles máis adquirir eses hábitos saudables que non tiñan. Tamén hai que pensar que aguantaron ao longo da súa vida moitas cousas e acaban acostumándose á dor. O exercicio é tan importante como comer.

-Por que cre que se popularizou tanto nos últimos anos a fisioterapia?

-L.M.: Porque sentirse ben é unha necesidade. De todos os xeitos os profesionais debemos facer un labor de concienciación para que o paciente entenda que é mellor previr ca curar. Normalmente acoden á clínica cando xa non aguantan máis. Os fisioterapeutas aliviamos a dor no momento pero non só nos fixamos niso; facemos un exame e intentamos corrixir a causa que leva a ese padecemento. Niso é no que temos que facer énfase para que o paciente se sinta realmente ben.

-A súa relación coa fisioterapia é vocacional?

-L.M.: Totalmente. Encántame. Nunca lle darei agradecido a meus pais todos os esforzos que fixeron para que eu puidese estudar fisioterapia. É unha profesión que che permite axudarlle á xente e iso resulta moi gratificante. Ver como unha persoa que tivo un accidente de coche chega aquí sen poder moverse e sae andando polo seu propio pé supón unha grande satisfacción. Non fai falta que che diga nada máis. O sorriso dun paciente non ten prezo, vale moito máis ca os cartos que che poden pagar pola consulta.

MICROAUDIO
CENTROS AUDITIVOS DE MULTIOPTICAS

Solicita tu **REVISIÓN GRATUITA**

RE BAJAS

2 gafas mó
graduadas
con antirreflejante
77€

PVP recomendado. Hasta el 28/02/2017 llévate dos gafas (montura mó + lentes) con lentes graduadas monofocales orgánicas antirreflejantes Beslayt 1.5 AR, cilindro + 2, esfera + 2 a - 4 por 77€. Ambas gafas con la misma graduación. Válido para una selección de monturas mó señaladas en el establecimiento que lo publicite. No acumulable a otras ofertas o promociones.

mó
:diseñadas para vivirlas_solo en **MULTIÓPTICAS**

Más de 1000 modelos

Ronda de A Coruña, 20
T. 981 505 199
*15800 **Melide** • A Coruña*

www.multiopticas.com

MULTIÓPTICAS
Tabora

REXCE ÓPTICA: E-15-001238
REXCE AUDIO: E-15-001241

Unha alumna do IES logra o pase para a Olimpíada Española de Bioloxía

Melide estará representado na Olimpíada Española de Bioloxía que se disputará entre os días 23 e 26 de marzo na cidade de Pamplona.

O mérito desta fazaña correspóndelle a Uriela García Rico, unha estudante de 2º de bacharelato do IES que conseguiu o pase á fase nacional despois de proclamarse ganadora da Olimpíada Galega xunto con outros dous alumnos dos institutos composteláns Peleteiro e Rosalía de Castro. Eles foron os mellores dos 111 estudantes de bioloxía procedentes de 35 centros de toda Galicia que participaron na 12ª edición deste concurso, celebrado o 13 de xaneiro en Santiago.

O exame da Olimpíada constou de dúas partes: unha teórica, con 85 preguntas tipo test sobre conceptos de bioloxía traballados no presente curso e nos de anos anteriores, e outra parte práctica na que os estudantes tiveron que recoñecer mediante diapositivas de Power Point distintas especies vexetais, animais, moléculas, reaccións metabólicas, órganos e outras estruturas biolóxicas.

Uriela García (no centro) coas súas compañeiras e mestra

Ademais de Uriela Rico, tamén representaron a Melide Tamara Pereiro Vidal, Alba Vázquez Neira e Paula Vázquez Sufuentes, ás que felicitaron dende o IES xunto con Cristina Viqueira, profesora do Departamento de Bioloxía.

A entrega de premios estivo presidida pola vicerreitora da Universidade de Santiago e os decanos de Bioloxía das tres universidades galegas.

Listas para a súa cesión ao Sergas as parcelas do novo ambulatorio

Sen présa pero sen pausa. Os trámites previos á construción do novo centro de saúde de Melide vanse cumprindo a contagotas. Nese sentido o Concello acaba de dar un paso máis coa incorporación ao inventario de bens municipais dunha finca necesaria para poder construílo.

Trátase dos sobrantes dunha parcela de 10.000 metros cadrados que lle fora cedida no ano 1975 para mellorar as infraestruturas educativas do municipio pero que non figuraba de facto como titularidade do consistorio. Agora, e unha vez que se inscriba no Rexistro da Propiedade, dedicarase a fins sanitarios xunto con outras dúas fincas coas que linda e que xa foron rexistradas con anterioridade para o mesmo fin.

No seu conxunto o Concello poñerá 4.973 metros cadrados de superficie a disposición da Xunta, organismo encargado de executar as obras, para as que reservou 450.000 € nos orzamentos para 2017. A cesión de ditos terreos ao Sergas é o tramite que agora falta por completar.

A alcaldesa, Dalia García, considera que a incorporación desta última finca ao inventario municipal, aprobada en pleno cos votos favorables de PP e PSOE e coa abstención do BNG, é "un paso moi importante, o principal na xestión local" para poder ceder "todos os terreos que necesita o Sergas" e para que as obras poidan executarse "sen ningún tipo de limitación urbanística".

Educación pon a punto os centros de ensino durante as vacacións de Nadal

Hai xusto un ano o alumnado do colexio Nº 1 volvía ás clases a medio rendemento e cun ximnasio non apto para días de choiva. As fortes precipitacións rexistradas durante o Nadal de 2015 deixaban en evidencia as eivas do tellado do centro e completamente asolagado o pavimento da zona deportiva.

As cousas cambiaron este curso, e non só porque non chove, senón tamén porque as vacacións de Nadal serviron para darlle o último empurrón ás obras de mellora na cuberta do centro, que foi renovada na súa totalidade. Os traballos, que tiveron un investimento algo superior aos 49.000 euros, non foron a única posta a punto que se realizou nos colexios da vila durante o período non lectivo. Ao CEIP Nº 2, o da Martagona, a Consellería de Educación destinou 7.000 euros para mellorar unha vidreira situada nos accesos ao segundo andar que podería supoñer un risco para o alumnado do centro en caso de accidente.

O director territorial de Educación visitou o CEIP da Martagona

Material para a gardería

Pola súa banda a escola infantil do Concello recibiu un regalo de Reis anticipado en forma de subvención da Consellería de Política Social por valor de 8.000 euros que se empregou para mercar novo material para o centro: ordenadores, tablets para aplicacións infantís e material didáctico, xunto con novos berces e mobiliario adaptado para os cativos. O equipo de goberno asegura que este novo equipamento permitirá prestar "unha mellor docencia" e un servizo "moi personalizado".

Fomento da igualdade

Melide recibirá 14.000 euros da Xunta de Galicia para o fomento da igualdade entre mulleres e homes. Esta asignación estará destinada a actuar en tres eixos diferentes: a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero; o fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar; e o desenvolvemento de programas dende o CIM (Centro de Información á Muller). A través da Secretaría Xeral de Igualdade o goberno galego destina a este programa que se leva realizando dende 2014 un total de 3,3 millóns de euros. Tamén na comarca Sobrado, Curtis e Vilasantar recibirán conxuntamente 31.635 euros para o fomento da igualdade.

Máis colectores para o lixo orgánico

O Concello de Melide acaba de recibir da Consellería de Medio Ambiente trinta novos colectores de gran capacidade para lixo orgánico. A súa instalación en diferentes puntos do municipio responde ás necesidades detectadas logo de realizar un inventario que deixou patente a conveniencia de repoñer colectores vellos e establecer novos puntos de recollida. A súa instalación irá acompañada dunha reorganización dos colectores tanto no casco urbano como nas parroquias. Por outra banda o Concello manifesta que seguirá incentivando "actitudes cívicas" para lograr "un mellor tratamento medioambiental".

Italia e Melide, unidos pola música a través dun programa europeo

Visita dos estudantes italianos ao Parlamento de Galicia

A historia de Melide desenvolveuse arredor dun cruce de camiños polo que a día de hoxe aínda seguen pasando centos de miles de persoas cada ano, especialmente peregrinos que van deixando pegadas das súas linguas e das súas culturas diferentes. Quizais por iso foi sempre coñecido polo seu carácter acolledor, unha maneira de ser que puxo de novo en práctica nos inicios deste 2017 para recibir a un grupo de estudantes italianos que pasaron sete días na vila ao abeiro dun programa europeo de intercambio xuvenil denominado *Erasmus+: xuventude en acción*.

Foron exactamente 22 mozos e mozas con idades comprendidas entre os 11 e os 16 anos os que se desprazaron a Melide dende a localidade siciliana de Santa Teresa di Riba para participar en *"Unidos pola música"*, nome exacto co que se bautizou esta iniciativa de intercambio cultural impulsada polo Concello de Melide e a Academia de Música *Libera*, que comezou a funcionar en 2013 na antedita localidade italiana.

Como o propio nome do proxecto indica, a música foi desta volta o nexo común de Santa Teresa di Riba e Melide, motivo polo cal o alumnado do conservatorio tivo un papel relevante. De feito, como colofón á visita da comitiva italiana e para pechar sete días de actividades (dende o 12 de xaneiro ao 19), ofreceuse un concerto conxunto na Casa da Cultura. Non obstante, a programación estivo repleta de actividades, comezando por unha inmersión na gastronomía melidense e a visita aos monumentos do municipio e doutros limítrofes, como o mosteiro de Sobrado e o Castelo de Pambre. Tamén estiveron nas cidades da Coruña e Santiago e no Parlamento de Galicia.

Non foi esta a única visita institucional, pois tamén a directora xeral de Xuventude se desprazou a Melide para pasar unha mañá cos estudantes italianos. Cecilia Vázquez explicou que iniciativas coma esta, que conta cun orzamento de 16.280 euros, contribúen "a mellorar as competencias dos mozos e mozas, promover o diálogo intercultural, o coñecemento doutras rexión europeas e a aprendizaxe de idiomas".

Pola súa banda a alcaldesa de Melide, Dalia García, destacou a través dun comunicado que o Concello "é moi activo en intercambios" e amosou a súa satisfacción por poder materializar o proxecto Unidos pola música tendo en conta, asegura, "que é verdadeiramente dificultoso pasar os filtros da Comisión Europea para optar a un programa así".

FOTO-DENUNCIA

Lugares con encanto

Só os máis vellos da vila recordan os días nos que comezou a formarse a gran fochanca da Praza das Universidades, hoxe a piques de ser declarada Reserva da Biosfera. O valado de metal que a protexe comeza a botar raíces a pesar da dureza do asfalto e non tardarán moito en aparecer as primeiras follas. Só é cuestión de que marchen as xeadas e pase un pouquiño máis de tempo. Só un pouco máis.

Houbo quen protestou no seu día para intentar eliminala pero, grazas a que se orixinou nun lugar con pouco tránsito e a que había conflito de competencias entre os que mandan (xa se sabe, uns polos outros e a casa sen varrer), conservamos na actualidade tan pintoresco recuncho. Longa vida.

A familia detida por narcotráfico pode ser condenada ata a 14 anos de cárcere

Armas agochadas no dobre fondo dunha retroescavadora

Os catro membros da familia detida pola Garda Civil en Melide e Toques no marco dunha operación contra o narcotráfico poderíanse enfrontar a penas de entre 9 e 14 anos de cárcere. Así o tipifica o Código Penal para os delitos dos que son acusados: tráfico de drogas, branqueo de capitais, posesión ilícita de armas e pertenza a grupo criminal.

A detención do clan familiar, integrado por pai, fillo e as súas respectivas donas, produciuse o 22 de decembro tras máis de oito meses de pescudas e culminou cun rexistro sorpresa ás 6 da madrugada nos domicilios de ámbolos dous matrimonios: un piso da Avenida de Lugo, en Melide, no caso da parella máis nova e unha vivenda unifamiliar de San Martiño de Oleiros (Toques) no caso do matrimonio de maior idade.

En dito rexistro, no que se empregaron cans especializados na detección de estupefacientes, foron atopados 1,766 kg de cocaína, 2,455 kg de marihuana e 30 gramos de haxix. Tamén se requisaron dúas armas de fogo escondidas no dobre fondo dunha retroescavadora, seis vehículos, material informático, útiles para o envasado e corte da droga e 4.780 euros en efectivo.

Os investigadores cren que o clan dominaba os movementos de droga a pequena n e mediana escala e tiña "un alto nivel de especialización". Ademais tería creado unha empresa de compra e venda de vehículos para branquear o diñeiro obtido co narcotráfico. En concreto, atribúeselles o branqueo de máis de 200.000 euros dende o ano 2014.

Autorizan o refuxio de pescadores e un canal de solta e cría para o Furelos

O ano 2016 rematou con moi boas novas para a Asociación de Troiteiros Río Furelos, que axiña verá feitos realidade dous proxectos de transcendencia no que ao aproveitamento responsable do río e dos seus recursos se refire: a construción dun refuxio de pescadores e a creación dun canal de alevinaxe, para os cales Augas de Galicia acaba de emitir cadansúa autorización.

Ámbolos dous proxectos serán realizados no lugar de As Mazairas, no Concello de Toques, co que o colectivo de troiteiros xa se puxo en contacto para solicitar as licenzas necesarias e rematar os traballos dentro do prazo de execución de 12 meses que lles outorgou a administración autonómica.

No caso do refuxio de pescadores "a localización e características construtivas deberán ser especialmente coidadosas e harmónicas co entorno", indican dende a asociación. Neste sentido Augas de Galicia establece que a edificación estará totalmente prefabricada en madeira de piñeiro tratado e sustentada en cimentación de formigón. Será de planta rectangular cunhas dimensións de 2,40 x 5 metros e unha altura máxima de 3,10 metros, con cuberta a dúas augas. Do mesmo xeito, a administración pauta as condicións que rexerán a posterior utilización do refuxio coa finalidade de "preservar os intereses públicos e non pexar os privados", algo que "vaia por diante", manifestan os troiteiros, "será o noso compromiso".

O canal de alevinaxe, que foi autorizado poucos días despois do refuxio, instalarase simultaneamente no mesmo lugar e consistirá na colocación de reixas para a solta e cría de alevíns de troita no canal de derivación do muíño das Mazairas. Con todo, non será a última actuación que se realice nesta zona do coto do Furelos, pois os troiteiros prevén ademais recuperar a coñecida como Balsa dos Frades, un proxecto para o que agardan ter tamén a autorización pertinente nas vindeiras semanas.

Todas estas actuacións, segundo explica o presidente de "Río Furelos", Xavier Pazo, "están enmarcadas no programa de coidado mediambiental e mellora do couto que vimos realizando nos últimos anos". Nesa liña a comezos de ano, os troiteiros recolocaron a Pasarela do Chacho, no río Villamor, e desprazárona 5 metros máis arriba de onde estaba para asegurar que non se volva desprazar cando haxa enchentes.

A próxima actividade da asociación será a XIV Asemblea Xeral, o 28 de xaneiro no Multiusos de Melide ás 19:00 en segunda convocatoria.

Arriba, canle das Mazairas onde se instalarán as rexas para a solta de crías de troita. Abaixo, traslado da Pasarela do Chacho

Queixería Varela, de Santiso, medalla de prata nas XIX Catas de Galicia

Entrega de premios en Touro. Margarita Varela coa medalla de prata na súa queixería de Visantoña

A Terra de Melide é terra de bo queixo. Así o certifican os premios que obteñen os produtores da comarca nas catas-concurso que organiza cada ano a Xunta de Galicia.

Os resultados da 19ª edición deixaron un galardón en Santiso, nada menos que unha distinción de prata para Queixería Varela, de Visantoña, que competiu na categoría Arzúa-Ulloa xunto con outras 26 queixerías adscritas a esta denominación.

Malia que non é o primeiro premio destas características que obteñen, Minia Varela, socia da queixería xunto con súa irmá Margarita, recoñece que o recibiron "con sorpresa", pois nin sequera tiñan pensado participar. Animáronse o último día. Amósase especialmente orgullosa de que se recoñeza o traballo e a calidade "de queixerías pequenas" como a súa, da que saen uns 20.000 quilos de queixo cada ano, elaborados exclusivamente con leite das súas vacas. "A materia prima é o que máis inflúe", recoñece.

Aprobada a renovación das beirarrúas no núcleo de Souto

A Deputación da Coruña aprobou no último pleno de 2016 realizar obras para mellorar a seguridade viaria na estrada provincial DP-4604, que comunica Toques con Melide. Investiranse en total 564.000 euros en dúas actuacións diferentes.

Por unha banda procederase á remodelación da travesía de Souto, en Toques, onde as actuais beirarrúas serán substituídas por outras de formigón que mellorarán as condicións de accesibilidade. As obras incluirán a ampliación do ancho da beirarrúa no punto quilométrico 7, actualmente moi estreito, e a construción de novos tramos de senda peonil naquelas zonas nas que a día de hoxe non existe paso habilitado para peóns.

O orzamento desta actuación é de 225.000 euros. Os 339.000 euros restantes destinaranse para renovar o pavimento en dous tramos nos que o firme da estrada está en malas condicións; isto é: dende o punto quilométrico 1,1 ao 3,7 e dende o 4,6 ao 6,7.

Estas actuacións supoñen a primeira fase do compromiso sobre seguridade viaria na DP-4604 asumido polo presidente da Deputación, Valentín González Formoso, durante a súa visita a Toques o pasado mes de agosto. A segunda fase consistirá na corrección do trazado das coñecidas como "curvas do Toxo", un tramo perigoso de case 700 metros localizado entre o núcleo de A Cabana e o límite co Concello de Melide.

A inclusión de obras pendentes infla o orzamento de Santiso en 1,1 millóns

O incremento con respecto a 2016 aproxímase ao 80%

O pleno de Santiso aprobou de xeito inicial, cos votos favorables do equipo de goberno (BNG-PSOE) e a abstención do PP, o orzamento municipal para 2017, que experimenta un incremento próximo ao 80% para pasar de 1.367.856 € no ano pasado a 2.458.351 € no presente exercicio.

Tamaño estirón non se debe ao crecemento da poboación nin a cuestións de tipo impositivo, senón ao feito de que se inclúen nel unha ringleira de obras que o Concello ten sen executar dende 2015 debido principalmente á situación de constante interinidade no departamento de secretaría e á necesidade de atender outras cuestións prioritarias na xestión do día a día.

Trátase na súa totalidade de obras subvencionadas pola Deputación a través de diferentes programas; en concreto as do Plan de Obras e Servizos (POS) e as do Plan de Aforro e Investimentos (PAI) de 2015 xunto con algunhas do coñecido como Plan DTC93, pertencente á época na que aínda estaba o PP no goberno provincial. Tamén están sen executar e aparecen reflectidas no orzamento deste ano todas as obras do POS 2016 e as do Plan de Acción Social (PAS) dese mesmo ano.

INGRESOS	
transferencias de capital	1.106.230 €
Transferencias correntes	969.620 €
Impostos directos	288.600 €
Taxas e outros ingresos	93.700 €
Ingresos patrimoniais	200 €
TOTAL INGRESOS	**2.454.350 €**
GASTOS	
Investimentos reais	1.146.360 €
Bens correntes e servizos	863.804 €
Gastos de persoal	409.886 €
Transferencias correntes	38.100 €
Gastos financeiros	200 €
TOTAL GASTOS	**2.458.350 €**

Dende a oposición, a voceira dos populares, Matilde Pallares, manifestou non entender "ata que punto se pode xustificar tanto atraso na execución das obras". O alcalde, Manuel Adán, explicou que as de 2015 xa están en proceso de licitación e que unha vez rematadas "xa nos imos poñer coas de 2016". Segundo expresou, a intención do equipo de goberno é poñerse ao día e executar tamén neste mesmo exercicio as obras que a Deputación subvenciona a través do POS+2017, que reserva para Santiso un total de 421.000 €.

Desa cantidade o 38% destinarase a investimentos (pavimentacións entre O Casal-Riazón e Padrón-Serantes) e o 62% restante a gastos correntes. Así se recolle na proposta de gasto aprobada en pleno que agora terá que recibir o visto e prace da Deputación.

Deteñen aos autores de roubos en casas e explotacións agrícolas de Sobrado

Efectivos da Garda civil do posto de Curtis e do equipo de loita contra o roubo no campo (ROCA) de Santiago procederon á detención de tres persoas por varios delitos de roubo con forza en vivendas e explotacións gandeiras de varios concellos do interior da provincia, entre eles o de Sobrado.

Trátase en concreto de tres homes; dous veciños de Curtis, A.V.P de 21 anos e M.A.S.S de 37, xunto con outro veciño de Teixeiro de 20 anos que responde ás iniciais D.B.G. Incautóuselles un botín integrado por ferramentas, maquinaria agrícola e material de construción valorado en 11.000 euros. Os roubos viñan realizándose de xeito continuado dende o pasado mes de setembro, tamén nos concellos de Oza-Cesuras e Guitiriz.

Presuntamente os dous detidos máis novos, segundo informou o instituto armado, serían os autores materiais dos roubos mentres que o de maior idade se encargaría da súa posterior comercialización. Os arrestados foron postos a disposición do Xulgado de Instrución número 1 de Betanzos, encargado das detencións practicadas dentro desta operación, bautizada como "Rocur".

Xa está aberto o prazo de inscrición para participar na campaña de esquí que cada inverno pon en marcha a Deputación e grazas á cal rapaces e rapazas nados nos anos 2002, 2003, 2004, 2005 e 2006 poderán gozar de cinco días na estación de Leitariegos (León) e recibir cursiños de esquí. Os Concellos de Melide, Santiso, Toques e Sobrado irán na quenda do 5 ao 10 de marzo. As inscricións faranse nos respectivos concellos con data límite o 26 de xaneiro. Dado que as prazas son limitadas, en caso de haber máis demanda ca oferta adxudicaranse por sorteo. Para máis información pódese chamar ao número de teléfono 981 08 06 44.

Toques busca xuíz/a de paz

O Concello de Toques fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz/a de paz titular e substituto. Os requisitos para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís e non ter sido condenado nin procesado ou inculpado por delito. Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos. As solicitudes deberán ser presentadas nas oficinas municipais antes do 26 de xaneiro. Pódese obter máis información no BOP do 4 de xaneiro de 2017.

ITV móbil en Sobrado

A unidade móbil da ITV chega ao Concello de Sobrado para realizar inspeccións técnicas de vehículos agrícolas e ciclomotores. Estará situada na explanada do polideportivo entre o 2 de febreiro e o 7 para que pasen a revisión os vehículos agrícolas, previa cita. Pódese solicitar a través do número de teléfono 902 30 90 00 ou no apartado "estaciones móviles" da web www.sycit.com. As revisións realizaranse en horario de de 9:00 a 13:30 e de 15:15 a 18:00 horas de luns a venres, agás o día 7, no que a unidade só estará operativa pola mañá. A inspección técnica de ciclomotores realizarase o día 10 de febreiro en horario de 9:00 a 13:30.

Radiografía das estradas

A Deputación levará a cabo durante 2017 unha campaña para medir a intensidade de tráfico que se rexistra nos 2.103 quilómetros da rede provincial de estradas nos 93 concellos da Coruña. Para iso contará con 18 estacións móbiles que realizarán 800 controis dunha semana de duración. Grazas a esta iniciativa poderase coñecer o número de vehículos que transitan a diario por cada un dos tramos analizados, a distribución horaria do tráfico, os tipos de vehículos que circulan por cada estrada e as súas velocidades medias. Toda a información obtida trasladarase a unha aplicación informática para programar mellor as accións de conservación e os novos investimentos.

El Mejor Precio de
la Comarca
WIFI
YETHI
CARBURANTES
CORUÑA
LUGO
GADIS
LALÍN
gasogaspalas@hotmail.com

Plagostel
¿Quiere dormir tranquilo?
Plagostel
NRS (0177-GAL-SPO)
seguridad e higiene alimentaria
www.plagostel.com
698 163 399

ATA FIN DE
EXISTENCIAS
(2000 MANOXOS)
Necesitas
NABIZAS
Y LO SABES!!
1€
3
MANOXOS
dia fruta
Ronda da Coruña, 18
MELIDE - 606 97 04 98

REBAIXAS MELIDE

Alfonso Modas
María José Vilar Soutiño
Rúa Mateo Segade Bugueiro , 13
15800 MELIDE (A Coruña)
Telf. 981 50 54 58

El Dándolo
MODA HOME - MULLER
Tfno.: 981 50 63 70 - 610 75 78 84
Rúa do convento, 15
15800 MELIDE

INFOR-BYTE
- VENDA DE EQUIPOS INFORMÁTICOS
- CENTRO DE FORMACIÓN
- DESEÑO WEB
R/ Rosaleda, 10
MELIDE
Tlf.: 981 50 71 69
www.infor-byte.com

Sueños
MODA INFANTIL
981 50 17 87
R/ Alexandre Bóveda, 2

Ordenoda
R/ San Pedro, 10
Tlf: 626 56 49 02

San Pedro, 4
MELIDE
Pequeniños
Tlf:
981 50 79 66

Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60
MELIDE

Ronda da Coruña, 24
981 81 56 19
MELIDE

Tu Boutik
Ronda de Pontevedra, 61
15800 Melide
(A Coruña)
Telf. 881 956 394
tuboutik@hotmail.com
tuboutik@blogspot.com



GRANDES DESCONTOS
- Moda para señora e cabaleiro
- Primeiras marcas do mercado
- Tallas especiais < Cabaleiro: 38 - 70 / Señora: 38 - 65

ESPECIALIDADE EN CARNE E PEIXES Á BRASA

VENRES 20 DE XANEIRO: DEGUSTACIÓN GRATUÍTA DE COELLO

Descubre os nosos pratos

Tenreira asada

Ameixas á mariñeira

Chuletón

Lubina á brasa

Cocido

Churrasco

PINCELADAS DO NADAL

Herba Grileira leva os cantares de Reis ás parroquias por primeira vez

Herba Grileira cantando os reis no local social de Campos

Dende a súa creación en 2009, e ao longo dos últimos sete anos, a Asociación Cultural e Musical Herba Grileira canta os Reis cada 5 de xaneiro polas rúas do casco urbano de Melide. Este ano, na súa intención por reproducir máis fielmente esta tradición de carácter rural, deu un paso máis e levou os cantos de Reis ás parroquias, concretamente ás de Campos e Santa María.

Deste xeito, alumnos e alumnas da escola de Herba Grileira repartíronse en dous grupos de 15 persoas para interpretar cadanseu repertorio composto por sete pezas no local social de Campos e na igrexa parroquial de Santa María. Ao remate, realizouse o tradicional percorridos polas rúas de Melide.

Encadrado neste labor de recuperación e divulgación das tradicións do Nadal tamén se realizou o obradoiro "Aprendendo a cantar os Reis", dirixido aos máis cativos da escola. Desenvolveuse ao longo da mañá do día 5 de xaneiro, cunha parte teórica no Edificio Multiusos e outra práctica na que os participantes cantaron os reis na residencia da terceira idade e posteriormente na Praza do Convento.

Logo desta primeira experiencia, o obxectivo de Herba Grileira é "seguir recuperando paseniño a fórmula máis ancestral do Nadal galego e rematar cantando os reis de porta en porta, polas aldeas das parroquias, como se facía tradicionalmente".

A San Silvestre recada máis de 3.000 quilos de alimentos para Cáritas

O humor imperou entre moitos dos participantes na carreira solidaria

O hábito de correr ten cada vez maior aceptación na comarca e por extensión tamén unha das tradicións coa que moitas vilas e cidades de todo o mundo lle botan o peche ao ano vello dunha forma saudable e divertida: a carreira de San Silvestre.

En Melide leva celebrándose dende hai tres anos baixo a organización da Asociación Deportiva Cerne. A de 2016, ademais de contar co maior número de participantes incorporou tamén unha compoñente solidaria e tivo por principal obxectivo recadar alimentos para encher a sempre necesitada despensa de Cáritas parroquial e colaborar así coas familias máis necesitadas da vila.

Deste xeito deporte e solidariedade foron da man nesta edición da San Silvestre, que se desenvolveu polas rúas do casco vello o 31 de decembro con dúas carreiras diferenciadas nas que participaron máis de 200 persoas: os menores de 10 anos por unha banda, que percorreron 800 metros, e os adultos por outra, que completaron 3 quilómetros.

Foron probas non competitivas abertas tanto a asiduos do deporte como aos acabados de chegar; moitos dos cales non dubidaron en botarlle humor e mesmo correron disfrazados. O único requisito para participar era achegar alimentos non perecedoiros. A iniciativa logrou reunir 3.000 quilos, segundo a organización, coa que tamén colaboraron Jim Sports, Productos alimentarios Mella, Cafetería Estilo e o Concello de Melide.

IMPRENTA
Meligraf
Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

ALÚGASE CARPINTERÍA
EN MELIDE 300 m²
Con maquinaria e ferramentas incluídas
Cepilladora, escadradora, regroso,
serra de cinta e ferramentas de man
Prezo a convir
Visita sen compromiso
CARPINTERIA A. LAYA
670 662 947 - 981 50 90 73

PINCELADAS DO NADAL

ENVÍO INTERNACIONAL CON DESTINO A ORIENTE

De seguro que os Reis Magos atinaron este ano á perfección cos agasallos que deixaron nas casas da vila, pois non lle faltou detalle ás cartas que os cativos e cativas enviaron a Oriente. Diso encargouse a oficina de Correos da vila, que baixo a dirección de Celsa Mariño retomou a costume de invitar aos escolares nos días previos ao Nadal para que puidesen entregar as súas misivas e coñecer máis de preto o traballo dos carteiros. Na iniciativa participaron 148 alumnos/as dos colexios da Martagona e Mestre Pastor Barral. Cada un deles entregou e selou persoalmente a súa carta para logo depositala nunha caixa caixa habilitada específicamente para os Reis Magos e situada xunto a outras de envíos internacionais. Ademais explicóuselles a historia de Gustavo, o carteiro real. A experiencia foi moi satisfactoria para todos eles: "percíbese que lles fai moita ilusión, encántalles", asegura Celsa Mariño, "algún ata aplaudía coa emoción".

CEA DE NADAL PARA APRENDER E DEGUSTAR

O alumnado do curso de cociña do Concello celebrou en decembro a súa particular cea de Nadal, na que puxeron en práctica os coñecementos adquiridos e degustaron pratos tanto doces como salgados elaborados polos propios participantes. En dito curso aprendese a elaborar tanto pratos sinxelos como complexos, pasando pola cociña moderna e lihgt. Tamén se abordan aspectos como a decoración de mesas ou o aproveitamento dos recursos alimentarios.

BRINDE DE ANINOVO NO CENTRO SOCIAL

Despois das doce badaladas sempre toca brindar e celebrar o ano que comeza, e así foi como os socios e socias do Centro Social de Melide comezaron 2017, brindando na tarde do 2 de xaneiro polos bos desexos, a saúde, a amizade e os bos momentos que quedan por compartir ao longo do ano. O brinde estivo amenizado pola música de Suso de Boente. A celebración tivo unha segunda parte o día de Reis coa degustación de roscón.

A NOITE MÁIS MÁXICA

Os cativos de Sobrado con Melchos, Gaspar e Baltasar

En Melide os Reis Magos tiveron ao seu servizo a paxes da vila

O Apalpador viaxou dende o Courel ata Toques

En Santiso os Reis sempre fan parada no pazo de Vilar de Ferreiros

Un calendario didáctico recolle as palabras galegas de orixe prerromana

Ademais de para saber o día no que vivimos, os calendarios poden ter outras moitas utilidades e mesmo converterse nun bo instrumento didáctico. Iso polo menos é o que pensa o Servizo de Normalización Lingüística agrupado dos concellos de Melide, Toques, Santiso e Palas de Rei, que no almanaque editado para este 2017 afonda naquelas palabras e topónimos con orixe en linguas primitivas que se conservan no galego actual.

Baixo o epígrafe *Lingua e paisaxe na Terra de Melide e na Ulloa*, o calendario consegue enfiar en cada unha das súas páxinas palabras, imaxes e explicacións sobre a historia e a arqueoloxía da comarca. Así, os meses de maio e xuño repousan sobre unha fotografía do Castro da Graña, en Toques, á que se asocian palabras como cabaza, braña, croio ou lama, todas elas derivadas das linguas celtas e da xente que algún día habitou nos 163 castros catalogados na comarca. Xaneiro e febreiro fannos visitar o Forno dos Mouros, tamén en Toques, e

Presentación do almanaque no Concello de Melide

lémbrannos que nas comarcas da Melide e a Ulloa existen 253 mámoas. Das poboacións indoeuropeas e das linguas primitivas conservamos termos como toxo, codeso, sapo ou gándara. Tamén topónimos como O Mato ou Barazón. Dos pobos xermánicos proceden laverca, esmagar, espeto... e moitos nomes de lugares: Zaramil, Faxilde, Liúlfe...

"Cando os romanos chegaron a estas terras xa había uns habitantes cuns costumes e cunha lingua propia", explica Xaquín Vázquez, técnico de Normalización e coordinador do almanaque, "moitos destes restos lingüísticos aparecen na lingua que hoxe falamos, que tanto os entes públicos como a sociedade en xeral temos o deber de conservar".

As fotografías que ilustran o calendario son de Rodrigo Vázquez, responsable da páxina de Turismo Melide. Imprimíronse 500 exemplares que xa foron repartido en "puntos de interese" e nos centros educativos dos catro concellos.

Unha porta aberta aos artistas melidaos en Viñoteca Ribeirao

Manolo Ribeirao (no centro) con algúns artistas da mostra

Viñoteca Ribeirao acaba de abrir a porta dun espazo nunca antes explorado no comercio de Melide; a posibilidade de empregar o propio establecemento como sala de exposicións. Esa foi a idea que tivo Manolo Ribeirao, quen conseguiu reunir na súa tenda da Rúa do Convento parte da obra de varios artistas melidenses autodidactas: Xosé Manuel Broz, José Cabanas, os irmáns Chus e Manuel Sarandeses, Juan López e Antonio Castro, xa falecido.

Baixo o título "Mostra de Arte Melidá" a exposición, que inclúe pintura e tallas en madeira, pode visitarse aínda ata finais de mes.

NADALVENTURA COA ANPA DA MARTAGONA

Corenta e nove nenos e nenas do Colexio da Martagona con idades comprendidas entre os 3 e os 11 anos participaron no campamento de Nadal organizado pola ANPA do centro para contribuír á conciliación da vida laboral e familiar durante o período de vacacións.

Foron en total nove días cargados de actividades onde non faltaron visitas á Policía Local, a Radio Melide, ao Museo ou ao obradoiro da Pastelería Trisquel, onde aprenderon a elaborar melindres. Houbo tempo tamén para os xogos tradicionais, as manualidades, a cociña e o teatro.

O groso da programación desenvolveuse no pavillón do instituto, a quen a directiva da ANPA lle quere agradecer que cedese as instalacións para poder levar a cabo o campamento, pois este ano non se puideron utilizar as do propio colexio por mor da obras que se realizaron nas vacacións. Do mesmo xeito, tamén agradecen a disposición do Colexio Mestre Pastor Barral a ceder as súas e o interese do Concello de Melide, "que estivo aberto a buscar outras opcións para que puideramos facelo".

Charamela abre o ciclo de teatro "*Domingos á escena*" da Pobra

O pasado 15 de xaneiro o grupo de teatro Charamela subiu ás táboas do antigo cine Elma, na Pobra do Caramiñal, para abrir o ciclo de Teatro "Domingos a escena" que se está a desenvolver todos os domingos do mes de xaneiro nesta localidade do Barbanza. Representaron a obra "Vaiche boa" escrita e dirixida por Mary Gómez e xa estreada en Melide, unha comedia de enredos dirixida a todos os públicos. Tamén a programación de Nadal do Concello de Melide tivo un oco para as novas promesas da actuación; o grupo de Teatro das Escolas Deportivas, dirixido por Charamela, levou a escena "O taller de xoguetes", cun reparto integrado por Uxía Castro, Belén Agra, Noelia Miguélez, Brais e Xiana Sexto, Estela Lugrís, Lucía Baladrón, Mariana Méndez, Carmen Vicente, Nerea Ramos, Laura Iglesias, Daniel Piñeiro e María Vázquez.

San Roque
Restaurante
COMEDOR • BANQUETES • RESERVADOS
ZONA CHILL-OUT • PARQUE INFANTIL
PARKING PRIVADO
SÍGUENOS
TFNO.: 981 50 70 37
AVDA. DE LUGO, 52 • 15800 MELIDE - A CORUÑA
San Roque
Terraza exterior
Comedor

Cafeteria
MARTA
Campionato de tute
Os reis da baralla
1º
2º
3º
Cantón de San Roque, 13
Tlf.: 981 50 53 46
MELIDE

Furelos, ansias de futuro

Xavier Pazo, Asoc. “Río Furelos”

O ano 2017 traerá para o río Furelos ocasións para mirar cara si mesmo e aproveitar os seus recursos naturais, paisaxísticos e patrimoniais. Un río que está sementando ilusións pola comarca, dende o seu nacemento en Toques, pasando por Melide e Santiso e desembocando no Ulla, pretende ser o río da vida para moitos afeccionados á pesca e á natureza. A Asociación de Troiteiros Río Furelos, cumprindo o mandato da Asemblea Xeral de xaneiro de 2016, realizou os trámites necesarios coa Xunta e co Concello de Toques para a creación dun refuxio de pescadores, un canal de alevinaxe e para a recuperación da balsa dos Frades. O tripoxecto, unha vez solucionado todo o papeleo, será realidade este ano. Temos postos os ollos e o corazón no río Furelos, neste percorrido que xera ilusións para todos. Non imos deixar de andalo, pero para que resulte atractivo é preciso telo localizado e coidado.

Nestes últimos anos dende a Asociación de Troiteiros Río Furelos destacamos polas múltiples actividades que levamos realizando (rozas, aperturas de postos para a pesca, pasarelas, xornadas de limpeza, etc...). Para este ano que empeza imos seguir igual, non mudaremos a dirección, mais para xestionar todo este caudal de ilusión seguimos reclamando a construción da Ponte Mazaira. Somos moitos e queremos ser todos. Aínda hai intrépidos que nos atrevemos a facernos cargo da asociación que e loitamos día a día por manter o río Furelos nas mellores condicións. Todo vale para conseguir disfrutar do río. Temos un camiño aínda por andar, pero tamén ganas para andalo. Non pode ser doutra maneira, xa que os intres malos pasaron: desastres do río Catasol (2007 e 2009) con miles de troitas mortas polo xurro e alcatrán.

Contamos con experiencia e seguiremos traballando para ter un río sostible e con boa pesca. Non podemos esquecer que estamos falando dun ben escaso; as troitas. Tamén estaremos atentos a todo tipo de vertidos, malas formas de algúns, furtivos... en calquera caso a Asociación de Troiteiros Río Furelos, seguirá defendendo os intereses dos seus socios, estando á altura das circunstancias. Hoxe o río goza de moi boa saúde e queremos que siga sendo así.

Software libre no 2016

Rafael Rodríguez Gaioso, exeñeiro informático

Como soe ser costume cando remata un ano, toca facer un repaso do máis destacado arredor do mundo do software libre. Hai moitos proxectos que naceron durante o pasado ano, e outros que van madurando aos poucos. De entre todos eles destacan os seguintes:

- Telegram segue sendo unha aplicación de mensaxería que introduce novidades cada pouco tempo. As súas canles (tchannels.me), por exemplo, son capaces de enviar mensaxes a audiencias numerosas dun xeito áxil e cómodo.

- Slack tamén segue a súa expansión a bo ritmo grazas a características como as canles temáticas dentro dun grupo de traballo. Ten moi boa acollida en grupos de desenvolvedores de software, e seguro que será unha opción a avaliar durante o presente ano 2017.

- Nextcloud, nace como unha variante de ownCloud, e converterase nun referente como servizo de almacenaxe de ficheiros, sincronización de calendarios e contactos, etc. Na súa última versión incorpora características para editar documentos de xeito colaborativo con outros usuarios, ou poder crear salas de reunións para videoconferencia. Sen esquecer que todas estas funcionalidades poden estar dispoñibles nun servidor propio, é dicir, que non teremos ningunha información persoal, ou empresarial, en servidores de terceiros, ou en países estranxeiros. Teremos garantido o control dos «nosos» datos.

- FacturaScripts é un programa libre que xestiona a información contable dunha pequena empresa, e que conta con engadidos tan interesantes como a exportación das facturas ao formato Facturae 3.2.

- Hardware libre. A liberdade tamén está relacionada coa fabricación de circuítos e placas electrónicas, así como a expansión da impresión 3D. Eventos como a «Maker Faire Galicia» axudan a crear unha comunidade libre arredor destes aparellos.

E por último, como non todo é software libre ;)

- Os «podcast» están a converterse nun elemento diferenciador na comunicación dixital. Para facerse unha idea da súa cantidade e variedade, chega con visitar plataformas como ivoox.com, podiumpodcast.com ou spreaker.com.

- A chegada a España de **Netflix, HBO**, ou **Amazon Prime,** están cambiando o modelo de entretemento nas nosas casas, e veremos a súa evolución nos próximos meses.

Visantoña reclama un palco no campo da festa

Xosé Núñez, presidente de honra da Banda de Visantoña

O 140º aniversario do nacemento da Banda-Escola de Música de Visantoña-Santiso vai ser celebrado ao longo do ano 2017 con distintos actos culturais e musicais. Mais para completar dita celebración falta unha peza moi importante: un palco no actual Campo da Festa, xa moi completo doutros servizos. Por iso, seguro de interpretar o sentir da inmensa maioría dos veciños de Visantoña e contando coa anuencia da Xunta Directiva da Asociación Cultural Banda-Escola de Música de Visantoña, pedímoslle ao actual rexedor do Concello de Santiso, Don Manuel Adán (quen lle debe á mesma a honra de ser músico, como xa o fora seu pai Q.E.P.D.), a construción dun palco de obra de proporcións similares á categoría do actual Campo da Festa de Visantoña ou, cando menos, que realice as xestións necesarias para que outras institucións da nosa comunidade aporten axudas económicas para que dita obra sexa unha realidade neste tan sinalado ano 2017 para a cultura musical de Visantoña e comarca.

As bandas populares de música son verdadeiras manifestacións artesás dun pobo, mesmo cando fan a entrada pola mañá ata a igrexa parroquial arrodeándoa polo cemiterio como homenaxe aos nosos devanceiros falecidos, para logo deterse diante da porta principal, onde rematan as derradeiras notas da composición interpretada antes da misa maior os días de festa. Ditas bandas, que son auténticos conservatorios para quen desgraciadamente non puido acceder a outros Centros de Estudos Musicais, aínda se encontran moi desprotexidas na nosa Galicia, onde a música xa debería ser unha materia máis nas Escolas.

Tamén quixera aclarar que a Banda de Visantoña non é a máis antiga de Galicia, como se ten dito nalgún medio, pero si é unha das primeiras que

apareceu. O seu maior mérito é que nunca se desfixo, pois “a trancas e barrancas" foi sempre resistindo as acometidas que se lle presentaron. Segundo a publicación mais completa que se fixo ata hoxe sobre as bandas populares galegas, que é o libro titulado *Bandas de Música de Galicia*, do insigne musicólogo lucense Don Enrique Iglesias Alvarellos (Q.E.P.D.), "existe a crenza de que a Banda de Música de Merza-Silleda puidera ser a mais antiga de Galicia, pero non hai ningún documento que o acredite. Pola contra, si hai constancia escrita da data de fundación da de Ribadavia (Ourense), que foi no ano de 1.840”.

BRAULIO MÉNDEZ E EMILIO SENRA, CARPINTERÍA-ALUMINIOS MELIDE

“Agora o cliente é máis esixente cos acabados e préstalle atención á estética”

Por ser un exemplo nítido de como saír adiante en plena crise partindo da nada, a traxectoria de Carpintería-Aluminios Melide ben podería aparecer nos manuais para emprendedores. Todo comezou cando Braulio Méndez pasou de empregado a autónomo e nos primeiros compases desa aventura se cruzou no seu camiño Emilio Senra. Crearon unha sociedade e xuntos fixeron que fose progresando sen ningún tipo de subvención, só a base “do traballo ben feito” e de “romper a cabeza e o lombo”. A fórmula funcionou; a día de hoxe xa teñen encargas para traballar ata mediados de ano.

- Como foi a orixe de Aluminios Melide?
-Braulio Méndez (B.M.): Levaba tempo traballando como empregado na Agolada pero as cousas comezaron a ir mal e marchei coa intención de montar algo a medias cun compañeiro. El ao final non quixo e seguín adiante só. Pensei en Melide por circunstancias familiares e porque en Lalín e na Agolada xa había bastantes empresas de aluminio e aquí aínda quedaba un oco no mercado. Inicialmente pensei en instalarme no centro pero non me daban licenza e busquei alternativas. A través de coñecidos atopei unha nave na Madanela e alugueina. Neses medios foi cando apareceu Emilio. Falamos, chegamos a un acordo e comezamos a traballar xuntos. Ata hoxe.

Braulio e Emilio, socios de Aluminios Melide, no seu taller do Polígono da Madanela

“Sacamos a empresa adiante desde cero e sen axuda, a base de romper a cabeza e o lombo”

“O mercado está despegando de novo; este ano temos traballo contratado ata o verán”

- Que lles resultou máis difícil á hora de sacar o negocio adiante dende cero?
-B.M.: Buscar os clientes. Houbo que facelos un por un porque eu non coñecía a case ninguén en Melide. Comezamos traballando para o propietario da nave na que estamos, que fai obras, e logo para outro par de construtoras. A partir de aí xa foi cousa do boca a boca e de ir saltando dun sitio para outro e facéndonos coñecidos. O traballo ben feito vai chamando pola xente.

- Que tipo de traballos realizan na carpintería?
-B.M.: Fundamentalmente facemos traballos para reformas de casas e para vivendas de nova construción, sobre todo ventás en aluminio, aínda que tamén traballamos o ferro, automatismos, persianas... a maioría das encargas chegan dos concellos da comarca pero tamén saímos á Coruña, a Santiago, a Lugo... alí onde nos chaman imos.

- Hai algo que diferencie Aluminios Melide da competencia?
-B.M.: O que nos caracteriza é que por aquí somos os únicos que traballamos a serie de aluminio de Extrugasa, unha empresa que está en Valga. Para min é a mellor que hai, aínda que tamén sae máis cara. Quizais esa sexa a única diferenza. Non me considero mellor nin peor ca ninguén; simplemente trato de facer o traballo ben, o mellor que sei.

- Que é o que máis valora o cliente á hora de facer un encargo?
-B.M.: Hai de todo; uns valoran o prezo e outros a calidade. En liñas xerais a xente maior busca o barato e a nova tira máis pola calidade. Tamén se valora o tempo que tardas en entregar o pedido. De feito, ese é o principal problema que temos agora porque hai moito traballo e non nos dan servido o material dunha semana para outra, senón que hai que esperar incluso un mes.

- Cambiaron o xeito de traballar e as demandas da clientela nos últimos tempos?
-B.M.: Levo 17 anos dedicándome a isto e non percibo que houbese moito cambio nin nos materiais nin na maneira en que os traballamos. Quizais agora o cliente é máis esixente cos acabados e préstalle máis atención á estética. Cando comecei a traballar e logo cando foi o bum da construción valía calquera cousa con tal de que a ventá estivera feita. Iso agora non pasa.

- En base á súa experiencia, nota síntomas de recuperación económica?
-B.M.: Si. Nós dende que abrimos hai tres anos e medio, e non é por gabarme, non paramos nin un só dia de traballar. Para este ano xa temos traballo contratado ata o verán. Isto móvese moito máis tanto en contratacións como en gasto. Antes pedíanche esperar un mes ou dous, que lles puxeras unha ventá agora e a porta para o ano... agora non hai tanto medo. Por aquí pasan moitos construtores e tamén comentan que o mercado se está movendo. Non é comparable á época de bonanza pero vai despegando. De feito, no polígono xa case non hai parcelas para vender. Iso é unha boa sinal. Cando chegamos nós había quince ou dezaseis libres.

- Se tivese a oportunidade volvería ser empregado con xefe?
-B.M.: Se me fixeran unha boa oferta, si. Non é que estea tan mal como autónomo pero sendo empregado a tranquilidade é outra. O bo do autónomo é que traballa cando quere, aínda que iso na maioría dos casos significa traballar día e noite. Polo demais, pagas igual ca o resto e o único que tes é a Seguridade Social. Nós nin sequera recibimos unha subvención cando comezamos, que era cando máis falta nos facía. Sacamos o taller adiante a base de romper a cabeza e o lombo.

Aluminios Melide
Tlf: 675 611 286
Madanela, parcela 87

mercamelide
PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS DE MELIDE
SÁBADO 04 E DOMINGO 05 FEBREIRO 2017
11:00 H. A 20:00 H.
SORTEO DE 3 VALES DE COMPRA, UN POR VALOR DE 500 €
SÁBADO ÁS 19:00H
DOMINGO ÁS 14:00H.+ 19:00H
DESCONTOS...
PRIMEIRAS CALIDADES...
PREZOS REDUCIDOS...
SESIÓN VERMÚ
(DOMINGO MEDIODÍA)
CON MÚSICA AO VIVO
mercamelide
ACTIVIDADES PARA OS MÁIS PEQUENOS
(SÁBADO POLA TARDE)
DEGUSTACIÓN DE ROSQUILLAS DA SARTÉN E CHOCOLATE QUENTE, COAS TUAS COMPRAS.
comercio de melide
tes de todo
CCA Melide
ASETEM
Asoc. Repostería Tradicional
MELIDE TERRA DOCE
CONCELLO DE MELIDE
Concellería de Promoción Económica
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA.
Dirección xeral de comercio.
Deputación DA CORUÑA
SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE